




FILOSOFÍA (4º ESO)

PROGRAMA DE FILOSOFÍA (4º ESO)

INTRODUCCIÓN

A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, debe espertar nos rapaces a capacidade de crítica, de argumentación e síntese que poida servirille para desenvolverse como persoa e como cidadán.

A materia organízase arredor de seis eixos temáticos, que se desenvolven en cadansúas Unidades Didácticas

1. **Filosofía. Que é e para que serve:** Veremos como e onde xurdiu a reflexión filosófica como medio para comprenderse a un mesmo e o que nos rodea, con especial atención ós pensadores da antiga Grecia. Tamén saberemos da utilidade da Filosofía no mundo de hoxe.
2. **Antropoloxía (I). A identidade persoal:** Investigaremos o concepto de personalidade e o seu desenvolvemento, a través das diferentes teorías sobre o tema. Tamén abordaremos a xeración dos sentimentos e emocións, e debateremos sobre a dualidade corpo-alma no ser humano.
3. **Antropoloxía (II). A sociedade e a socialización:** Atenderemos aquí ás consecuencias que ten para o ser humano a súa integración nos grupos sociais, que dá como resultado a aparición de diferentes culturas e civilizacións. Analizaremos tamén o concepto de comunicación, fundamental para entender as relacións entre individuos e entre grupos.
4. **Pensamento. Intelixencia e razón:** Discutiremos sobre a razón como ferramenta para atopar a verdade e os seus límites. Asemade, intentaremos definir o concepto de intelixencia e ver se é posible caracterizar diferentes tipos dentro do mesmo.
5. **Metafísica. A realidade:** Aprenderemos o que é a metafísica como medio de analizar a realidade. Debateremos tamén sobre o sentido da vida e a existencia en xeral, tocando os temas da orixe e a finalidade das mesmas.
6. **Transformación. Liberdade e imaxinación:** Falaremos aquí sobre o libre albedrío e o alcance da vontade humana. En relación con iso, veremos o valor da liberdade para o ser humano, e como pode canalizarse a través da imaxinación e a creatividade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación desta área de coñecemento será continua e terá en conta os seguintes aspectos:

- a) a atención prestada e o interese amosado nas mesmas, así como un comportamento adecuado de respecto á materia, ós compañeiros e ó profesor.
- b) a entrega puntual dos exercicios e traballos que se propoñan, tanto a nivel individual como colectivo.
- c) a competencia alcanzada nas seguintes habilidades:
 - comprensión do concepto de filosofía e da súa utilidade na vida e sociedade actuais.
 - asimilación do concepto de personalidade e aplicación á propia identidade, coa pertinente análise sobre sentimentos e emocións.
 - comprensión da dimensión social do ser humano e dos factores que determinan o desenvolvemento das diversas culturas.
 - análise coherente e diferenciación dos conceptos de pensamento, razón e intelixencia.
 - asimilación dos trazos básicos da metafísica como disciplina filosófica útil para analizar a realidade.
 - comprensión do concepto de liberdade como valor esencial para o ser humano e desencadeador da imaxinación e a creatividade.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA

Para superar esta materia deberán acreditarse as seguintes capacidades mínimas:

- a) Facer comentarios de texto sinxelos, sabendo extraer as ideas clave de cada texto e desenvovelas cunha linguaxe propia e coherente.
- b) Desenvolver unha expresión oral minimamente axeitada á hora de expoñer os conceptos traballados na materia e as opinións propias.
- c) Afondar no coñecemento da filosofía como saber teórico e como razón práctica.
- d) Analizar a diferenza entre filosofía, ciencia e relixión.
- e) Identificar os usos lóxico e práctico da filosofía.
- f) Identificar a filosofía como actitude crítica.
- g) Analizar o nacemento da filosofía e identificalo en Grecia.
- h) Identificar a primeira pregunta filosófica e afondar nos primeiros autores: Sócrates, Platón, Aristóteles...
- i) Discriminar entre o que se entende por conciencia e inconsciente.
- k) Reflexionar sobre a visión moderna da natureza humana.
- l) Coñecer os conceptos de cultura, de civilización e de sociedade, e os elementos que conforman unha cultura.

- m) Recoñecer as diferentes actitudes humanas ante a diversidade cultural.
- n) Distinguir entre coñecemento e opinión e coñecer os métodos da ciencia para achegarse á razón.
- ñ) Coñecer as principais teorías clásicas do coñecemento e a definición e as diversas concepcións da verdade.
- o) Atopar o equilibrio entre a racionalidade teórica e práctica, relacionándoas coa cultura desde un punto de vista crítico.
- p) Coñecer a liberdade nos seus múltiples sentidos, diferenciando entre liberdade negativa e liberdade positiva, e relacionala co determinismo.
- q) Reflexionar sobre a diferenza entre ética e moral.
- r) Atopar argumentos éticos sobre o uso da tecnoloxía en distintos contextos.
- s) Analizar o problema da liberdade e a ciencia contemporánea e o sentido da existencia.
- t) Reflexionar sobre as teorías filosóficas da vida, a existencia e a temporalidade.
- u) Apreciar a creación artística afondando no sentido de beleza.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación de cada alumno utilizaranse os seguintes instrumentos:

1. Exames: Realizaranse dúas probas escritas por cada trimestre (unha por Unidade Didáctica). Cualificaranse sobre 10 puntos.
2. Exercicios: Encargarase, con certa periodicidade, a elaboración de exercicios individuais ou en grupo, que deberán ser realizados fóra do horario escolar. Algúns ofrécese nesta mesma libreta de traballo, e outros serán cuestionarios cumprimentados por medios telemáticos dos cuestionarios que estarán a disposición dos alumnos no curso *Filosofía 4º ESO*, publicado na Aula Virtual do Centro. Todos e cada un destes exercicios cualificaranse sobre 10 puntos.



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As cualificacións outorgaranse de acordo cos seguintes criterios:

1. A nota de cada trimestre ponderarase de acordo co seguinte reparto valorativo dos instrumentos de avaliación:

-Exame: **70%**

IMPORTANTE: No caso que un estudante sexa sorprendido empregando medios ilícitos durante a realización de calquera exame, o exercicio será cualificado globalmente cun 0.

-Exercicios: **30%**

IMPORTANTE: A puntualidade na entrega dos exercicios e traballos será tida en conta á hora de cualificar os mesmos. Os retrasos non xustificados na entrega provocarán a penalización de 0,5 puntos por cada día de demora na cualificación do exercicio ou traballo.

2. Calquera trimestre non superado deberá ser recuperado mediante unha proba escrita. A cualificación final do curso será resultado da media aritmética dos tres trimestres.

UNIDADE 1: FILOSOFÍA. QUE É E PARA QUE SERVE

1. QUE É A FILOSOFÍA

A orixe

Tipos de saberes

Métodos da Filosofía

2. PARA QUE SERVE A FILOSOFÍA

Nivel teórico

Nivel práctico

Funcións da Filosofía

ANEXO: GRECIA, O BERCE DA FILOSOFÍA

SECCIÓN A: TEXTOS

I. DEFINICIÓNS DE “FILOSOFÍA” NO DRAG E NO DRAE

a) Diccionario da Real Academia Galega:

- 1 Ciencia que trata de explicar as causas primeiras, a realidade do mundo e o ser humano en xeral. “Todo o relacionado co home pode ser estudado pola filosofía”.
- 2 Conxunto de razoamentos sobre eses temas, organizados nun sistema. “A filosofía de Kant”; “A filosofía de Marx”.
- 3 Conxunto de ideas dun individuo ou dunha comunidade sobre o mundo e o ser humano. “Filosofía oriental”; “Cada un ten a súa propia filosofía”.
- 4 Conxunto de consideracións que tende a reducir un campo de coñecementos ou de actividade humana a un pequeno número de principios xerais. “Filosofía da linguaxe”; “Filosofía da historia”.
- 5 Actitude entre tranquila e indiferente ante algo que non gusta ou é adverso. “Tomouno con moita filosofía”.

b) Diccionario da Real Academia da Lingua Española:

1. *Conjunto de saberes que busca establecer, de manera racional, los principios más generales que organizan y orientan el conocimiento de la realidad, así como el sentido del obrar humano.*
2. *Doctrina filosófica*
3. *Conjunto de doctrinas que con el nombre de filosofía se aprenden en los institutos, colegios y seminarios.*
4. *Facultad dedicada en las universidades a la ampliación de los conocimientos de filosofía.*

5. Fortaleza o serenidad de ánimo para soportar las vicisitudes de la vida.
6. Manera de pensar o de ver las cosas. Su filosofía era aquella de vivir y dejar vivir.

II. ARISTÓTELES; *Metafísica*, 982b:

Os humanos —agora e desde o principio— comezaron a filosofar ó quedar marabillados ante algo, marabillándose nun primeiro momento ante aquilo que, polo común, causa perplexidade; despois, tras progresar pouco a pouco, seguiron a filosofar ó sentirse abraiados tamén ante cousas de maior importancia, por exemplo, ante as peculiaridades da lúa, e as do sol e os astros, e ante a orixe do Todo. Ora ben, o que se sente abraiado e marabillado reconece que non sabe [...]. Xa que logo, se os humanos filosofaron por fuxir da ignorancia, é obvio que perseguían o saber por afán de coñecemento e non por utilidade ningunha. Por outra banda, así o testemuña o xeito en que sucedeu, pois un coñecemento tal comezou a buscarse cando xa existían todos os coñecementos básicos, incluíndo os relativos ó placer e ó pasalo ben. É obvio, pois, que non practicamos a filosofía por ningunha outra utilidade, senón que, igual que, segundo dicimos, un home libre é aquel que vive para si mesmo e non para outro, tamén consideramos que esta é a única ciencia libre: só ela existe, en efecto, para si mesma.

III. MARINOFF, L.; *Más Platón y menos Prozac*, Suma de Letras, Barcelona, 2003, pp. 21-22:

Pese a la fama que ostenta, la filosofía no tiene por qué resultar intimidante, aburrida o incomprensible. Gran parte de lo que se ha escrito sobre el tema a lo largo de los años sin duda encaja en una o más de estas categorías pero, en el fondo, la filosofía investiga las cuestiones que todos nos preguntamos: ¿Qué es una buena vida? ¿Qué es el bien? ¿En qué consiste la vida? ¿Por qué estoy aquí? ¿Por qué debería obrar correctamente? ¿Qué significa obrar correctamente? No son preguntas fáciles, y sus respuestas tampoco lo son; de lo contrario, no seguiríamos dándoles vueltas una y otra vez. Dos personas distintas nunca llegarán automáticamente a las mismas respuestas. No obstante, todos contamos con un conjunto de principios como punto de partida, tanto si somos conscientes de ellos y podemos enumerarlos como si no.

Lo mejor de disponer de miles de años de pensamiento en los que inspirarse es que muchas de las mentes más sabias de la historia han profundizado en estos asuntos y nos han cedido un legado de ideas y directrices que cabe aprovechar. Ahora bien, la filosofía también es algo personal: usted también es filósofo. Tome cuanto pueda aprender de otras fuentes, pero si lo que quiere es encontrar una forma de ver el mundo que le dé resultado, tendrá que tomarse la molestia de pensar por su cuenta. La buena noticia es que, con el debido incentivo, usted es perfectamente capaz de pensar por sí mismo.

IV. HESÍODO; *Teogonía*:

Antes que todas as cousas existiu Caos; e despois Xea, a de amplo peito, asento sempre sólido de todos os inmortalis que habitan os cumios do nevado Olimpo; e o Tártaro sombrío, encravado nas profundidades da terra espazosa; e despois Eros, o máis fermoso entre os deuses inmortalis, que rompe as forzas, e que domina a intelixencia e a sabedoría nos corazóns de todos os deuses e de todos os homes.

E de Caos naceron Érebo e a negra Nix; e Éter e Hémero naceron tamén, porque os concibiu ela tras unirse por amor a Érebo.

E primeiro pariu Xea ó seu igual en grandeza, ó estrelado Urano, co fin de que a cubrise por completo e fose unha morada segura para os felices deuses [...].

E pariu tamén os Cíclopes de corazón violento, Brontes, Estéropes e o valeroso Arxes, que entregaron a Zeus o trono e forxaron o lóstrego. E eran en todo semellantes ós demais deuses, pero tiñan un só ollo no medio da fronte. E chamábanse Cíclopes, porque na súa fronte se abría un ollo único e circular [...].

E despois, de Xea e de Urano naceron outros tres fillos, grandes, moi fortes, horribles de nomear: Coto, Briareo e Xixes, raza soberbia. Dos seus ombros saían cen mans indomables, e cada un deles tiña cincuenta cabezas que se erguían sobre o ombro, por riba dos seus robustos membros. A súa forza era inmensa, invencible, dada a súa gran talla. De todos os fillos nacidos de Xea e Urano, eran os máis poderosos. Desde o principio foron odiosos ó seu pai; e conforme nacían, un tras doutro, agochounos, privándoos da luz, nas profundidades da terra. El aledábase desta mala acción, e a gran Xea laiábase, chea de dor. Logo, ela concibiu unha idea malvada e arteira:

—Queridos fillos meus, vástagos dun pai culpable, se me queredes obedecer, tomaremos vinganza da acción inxuriosa do voso pai, porque el foi quen primeiro tivo unha idea cruel.

Así falou, e o temor invadiunos a todos, e ningún deles respondía. Por fin, recobrando ánimo o grande e sagaz Crono, dixo así á súa venerable nai:

—Madre, de verdade prométoche que levarei a cabo esta vinganza. Efectivamente, xa non lle teño respecto ó noso pai, porque el foi quen primeiro tivo unha idea cruel.

Así falou, e a gran Xea sentiu alegría no seu corazón. Preparou un plan e púxolle na man unha fouce de dentes cortantes, confiando plenamente nel. E chegou o grande Urano, traendo consigo a noite, e tendeuse sobre Xea por completo, cheo dun desexo de amor. Nada sospeitaba, mentres o seu fillo lle colleu a man esquerda, e coa dereita agarrou fortemente a fouce inmensa, de dentes cortantes. Así cortou, decontado, os xenitais do seu pai, e tirounos detrás de si.

V. DARWIN, C.; *El origen de las especies*, cap. I:

CAUSAS DE VARIABILIDAD. Cuando comparamos a los individuos de la misma variedad o subvariedad de las plantas actuales que desde hace mucho tiempo van siendo cultivadas, y de nuestros animales domésticos más antiguos, una de las primeras cosas que más nos extraña es, sin duda, ver cómo generalmente difieren entre sí en mayor escala unos individuos de otros que los individuos de cualquier otra especie o variedad estudiada en el estado natural. Así como cuando reflexionamos sobre la vasta diversidad de las plantas y animales que respectivamente han sido cultivados y domesticados, variando durante todas las edades, ya sea por la influencia de los climas, por un tratamiento diferente, nos vemos obligados a concluir que esta gran variabilidad es debida a que nuestras producciones domésticas se han formado en condiciones de vida menos uniformes, diferentes de aquellas a las que había sido primitivamente expuesta la especie madre en la naturaleza. Ahora bien; aunque no deja de tener alguna probabilidad la opinión expuesta por Andrew Knight de que esta variabilidad pueda tener cierta conexión con el exceso de alimento, parece, sin embargo, evidente que los seres orgánicos necesitan estar expuestos durante algunas generaciones a condiciones nuevas para que en ellos se origine cualquier gran variación, que continúa luego durante muchas generaciones. No se sabe de ningún caso en que un organismo variable haya dejado de variar sometido al cultivo, por lo cual las plantas cultivadas desde hace mucho, como por ejemplo el trigo, todavía siguen presentando nuevas variedades, y los animales que desde muy atrás pasaron al estado doméstico son aún susceptibles de mejoras y modificaciones rápidas.

VI. DESCARTES, R.; *Discurso do Método* (1ª parte):

O bo sentido é a cousa mellor repartida do mundo; pois cadaquén pensa estar ben provisto del [...] Por iso non é certo que todos se enganen; máis ben iso testemuña que a capacidade de xulgar ben, e de distinguir o verdadeiro do falso, que é o que propiamente se denomina o bo sentido ou razón, é por natureza igual en todos os homes; e así, a diversidade das nosas opinións non procede de que uns sexan máis razoables que outros, senón só de que conducimos os nosos pensamentos por vías diversas [...]. Porque non abonda con ter bo espírito, senón que o principal é aplicalo ben... Con respecto á razón, ou ó sentido, sendo a única cousa que nos fai homes e nos distingue dos animais, quero crer que está toda enteira en cada un de nós.

VII. PLATÓN; *República*, 514a-517c:

-E a seguir -dixen-, compara coa seguinte escena o estado no que, con respecto á educación ou á falta dela, se acha a nosa natureza. Imaxina unha especie de cavernosa vivenda subterránea provista dunha longa entrada, aberta á luz, que se estende ao longo de toda a caverna, e uns homes que están nela desde nenos, atados polas pernas e polo pescozo, de xeito que deban estar

quedados e mirar unicamente para adiante, pois as ligaduras impídenlles volver a cabeza; detrás deles, a luz dun lume que arde algo lonxe e nun plano superior, e entre o lume e os encadeados, un camiño situado en alto, ao longo do cal supón que se construíu un tabique semellante ós que hai entre os monicrequeiros e o público, por riba dos cales exhiben estes as súas marabillas.

-Xa o vexo-dixo.

-Pois ben, ve agora, ao longo desa parediña, uns homes que transportan toda clase de obxectos, cuxa altura sobrepase a da parede, e estatuas de homes ou animais feitas de pedra e de madeira e de toda clase de materias; entre estes portadores haberá, como é natural, uns que vaian falando e outros que estean calados.

-Que estraña escena describes -dixo- e que estraños prisioneiros!

-Iguais que nós -dixen-, porque, en primeiro lugar, cres que os que están así viron outra cousa de si mesmos ou dos seus compañeiros á parte das sombras proxectadas polo lume sobre a parte da caverna que está fronte a eles?

-Como é posible -dixo-, se durante toda a súa vida foron obrigados a manter inmóbiles as cabezas?

-E dos obxectos transportados? Non verían o mesmo?

-Que outra cousa ían ver?

-E se puidesen falar os uns cos outros, non pensas que crerían estar referíndose a aquelas sombras que vían pasar diante deles?

-Forzosamente.

-E se o cárcere tivese un eco que viñese da parte frontal? Pensas que, cada vez que falase algún dos que pasaban, crerían eles que o que falaba era outra cousa distinta da sombra que vían pasar?

-Non, por Zeus!- dixo.

-Entón non hai dúbida -dixen eu- de que os tales homes non terán por real ningunha outra cousa máis que as sombras dos obxectos fabricados.

-É enteiramente forzoso-dixo.

-Examina, pois -dixen-, o que pasaría se fosen liberados das súas cadeas e curados da súa ignorancia, e se, consonte a natureza, se lles ocorrese o seguinte: cando un deles fose desatado e obrigado a erguerse subitamente e a volver o pescozo e a andar e a mirar á luz, e cando, ao facer todo isto, sentise dor e, por

causa das faíscas, non fose capaz de ver aqueles obxectos cuxas sombras vía antes, que crees que contestaría se lle dixese alguén que antes non vía máis que sombras baleiras e que é agora cando, achándose máis preto da realidade e volto de cara a obxectos máis reais, goza dunha visión máis verdadeira, e se lle fosen mostrando os obxectos que pasan e obrigándolle a contestar as súas preguntas acerca de que é cada un deles? Non crees que estaría perplexo e que o que antes contemplara lle parecería máis verdadeiro que o que entón se lle mostraba?

-Moito máis-dixo.

-E se lle obrigasen a fixar a súa vista na luz mesma, non cres que lle doerían os ollos e que escaparía, volvendo a ollada a aqueles obxectos que pode contemplar, e que consideraría que estes son realmente máis claros cós que se lle mostra?

-Así é -dixo.

-E se se o levasen de alí á forza -dixen-, obrigándolle a percorrer a áspera e escarpada costa, e non o deixaran antes de arrastralo ata a luz do sol, non cres que sufriría e levaría a mal o ser arrastrado, e que, unha vez chegado á luz, tería os ollos tan cheos dela que non sería capaz de ver nin unha soa das cousas ás que agora chamamos verdadeiras?

-Non, non sería capaz -dixo-, polo momento.

-Necesitaría afacerse, creo eu, para poder chegar a ver as cousas de arriba. O que vería máis facilmente serían, ante todo, as sombras; logo, as imaxes de homes e doutros obxectos reflectidos nas augas, e máis tarde, os obxectos mesmos. E despois disto seríalle máis fácil contemplar de noite as cousas do ceo e o ceo mesmo, fixando a súa vista na luz das estrelas e a lúa, que ver de día o sol e o que lle é propio.

-Como non?

-E por último, creo eu, sería o sol, pero non as súas imaxes reflectidas nas augas nin noutro lugar alleo a el, senón o propio sol no seu propio dominio e tal como é en si mesmo, o que el estaría en condicións de mirar e contemplar.

-Necesariamente -dixo.

-E despois disto, deduciría xa con respecto ao sol que é el quen produce as estacións e os anos e goberna todo o da rexión visíbel, e que é, en certo modo, o autor de todas aquelas cousas que eles vían.

-É evidente -dixo- que despois daquilo viría a pensar niso outro.

-E cando lembrase a súa anterior estancia, e a ciencia de alí e os seus antigos compañeiros de cárcere, non cres que se consideraría feliz por escapar e que os compadecería?

-Efectivamente.

-E se houbera entre eles algúns honores, gabanzas ou recompensas que se concedesen a aqueles que, por discernir con maior penetración as sombras que pasaban e lembrar mellor de cales de entre elas eran as que adoitaban pasar diante ou detrás ou xunto con outras, fosen máis capaces que ninguén de profetizar, baseados naquilo, o que ía acontecer, cres que sentiría aquela nostalxia destas cousas ou que envexaría a quen gozasen de honores e poderes entre aqueles, ou ben que lle ocorrería o de Homero, é dicir, que preferiría decididamente "traballar a terra ao servizo doutro home sen patrimonio" ou sufrir calquera outro destino antes que vivir naquel mundo do opinable?

-Iso é o que creo eu -dixo-: que preferiría calquera outro destino antes que aquela vida.

-Agora fíxate nisto -dixen-: se, volto alá embaixo, ocupase de novo o mesmo asento, non cres que se lle encherían os ollos de tebras, como a quen deixa subitamente a luz do sol?

-Certamente -dixo.

-E se tivese que competir de novo cos que permaneceran constantemente encadeados, opinando acerca das sombras aquelas que, por non asentárenselle aínda os ollos, vería con dificultade -e non sería moi curto o tempo que necesitase para afacerse-, non daría que rir e non se diría del que, por ir arriba, volveu cos ollos estragados, e que non vale a pena intentar unha ascensión semellante? E non matarían, se atoparan maneira de botarlle man e matalo, a quen tentase desatalos e facelos subir?

-Claro que si -dixo.

-Pois ben -dixen-, esta imaxe hai que aplicala toda ela, oh amigo Glaucón!, ó que se dixo antes. Hai que comparar a rexión revelada por medio da vista coa vivenda-cárcere, e a luz do lume que hai nela, co poder do sol. No que se refire á suba ao mundo de arriba e á contemplación das cousas deste, se a comparas coa ascensión da alma ata a rexión intelixible nonerrarás con respecto á miña visión, que é o que ti desexas coñecer, e que só a divindade sabe se por acaso está no certo. En fin, velaquí o que a min me parece: no mundo intelixible o último que se percibe, e con traballo, é a idea do ben, pero, unha vez percibida, hai que deducir que ela é a causa de todo o recto e o belo que hai en todas as cousas; que, mentres no mundo visible xerou a luz e o soberano desta, no intelixible é ela a soberana e produtora de verdade e coñecemento, e que ten por

forza que vela quen queira proceder sabiamente na súa vida privada ou pública.

-Tamén eu estou de acordo -dixo-, no grao no que podo estalo.

VIII. RUSSELL, B; Los problemas de la filosofía (cap. 15):

Habiendo llegado al final de nuestro breve resumen de los problemas de la filosofía, bueno será considerar, para concluir, cuál es el valor de la filosofía y por qué debe ser estudiada. Es tanto más necesario considerar esta cuestión ante el hecho de que muchos, bajo la influencia de la ciencia o de los negocios prácticos, se inclinan a dudar de que la filosofía sea algo más que una ocupación inocente, pero frívola e inútil, con distinciones que se quiebran de puro sutiles y controversias sobre materias cuyo conocimiento es imposible.

Esta opinión sobre la filosofía parece resultar, en parte, de una falsa concepción de los fines de la vida, y en parte de una falsa concepción de la especie de bienes que la filosofía se esfuerza en obtener. Las ciencias físicas, mediante sus invenciones, son útiles a innumerables personas que las ignoran totalmente: así, el estudio de las ciencias físicas no es solo o principalmente recomendable por su efecto sobre el que las estudia, sino más bien por su efecto sobre los hombres en general. Esta utilidad no pertenece a la filosofía. [...] Pero ante todo, si no queremos fracasar en nuestro empeño, debemos liberar nuestro espíritu de los prejuicios de lo que se denomina equivocadamente “el hombre práctico”. El hombre “práctico”, en el uso corriente de la palabra, es el que solo reconoce necesidades materiales, que comprende que el hombre necesita el alimento del cuerpo, pero olvida la necesidad de procurar el alimento del espíritu. Si todos los hombres vivieran bien, si la pobreza y la enfermedad hubiesen sido reducidas al mínimo posible, quedaría todavía mucho que hacer para producir una sociedad estimable; y aun en el mundo actual los bienes del espíritu son por lo menos tan importantes como los del cuerpo. El valor de la filosofía debe hallarse exclusivamente entre los bienes del espíritu, y solo los que no son indiferentes a estos bienes pueden llegar a la persuasión de que estudiar filosofía no es perder el tiempo.

La filosofía, como todos los demás estudios, aspira primordialmente al conocimiento. El conocimiento a que aspira es aquella clase de conocimiento que nos da la unidad y el sistema del cuerpo de las ciencias, y el que resulta del examen crítico del fundamento de nuestras convicciones, prejuicios y creencias.

SECCIÓN B: EJERCICIOS

1. Señala las palabras clave dos textos II, III, VII e VIII. A seguir, expresa en frases cortas las ideas principales de cada un deles. Finalmente, elabora unha breve redacción que recolla esas ideas principais, ademais do punto de vista do autor, empregando sobre todo vocabulario propio.
2. Fíxate nos textos IV, V e VI. De que tipo, desde o punto de vista temático, é cada un deles?
3. En relación co texto IV, pensa sobre outros relatos sobre a orixe do Universo e exponos á clase.
4. En relación co texto VIII, reflexionade en voz alta e por quendas sobre a utilidade das materias e coñecementos que se imparten no ensino secundario.
5. Recomendacións de visionado:

-[Ágora](#) (*Agora*, Alejandro Amenábar, 2009)



-[El show de Truman](#) (*The Truman Show*, Peter Weir, 1998)



SECCIÓN C: IDEAS PARA RETER

1. QUE É A FILOSOFÍA?

A) A ORIXE:

Tres son os lugares nos que xurdiu, arredor dos s. VII-V a. C., a filosofía: Grecia, a India (cos sistemas de crenzas hinduísta e budista) e China (coas ensinanzas de Laozi). No noso contexto, o da cultura occidental, a orixe da filosofía está na primeira das áreas citadas: Grecia. A propia palabra “filosofía” é grega: φιλοσοφία, que se compón de φίλος (“amante”) e σοφία (“sabedoría”), polo que quere dicir “amor pola sabedoría”. A filosofía, polo tanto, pretende coñecer, en senso absoluto: saber o porqué das cousas.

Mais non foron os filósofos os primeiros que intentaron darlle un sentido a todo. O ser humano preguntárase desde sempre pola razón dos fenómenos naturais, e a resposta máis antiga foi o mito: unha narración fantástica na que as divindades, no exercicio da súa vontade, determinan o curso da natureza e da vida humana. Entre os s. VII e VI a. C., en varias cidades de Grecia apareceron homes que non aceptaban a explicación mítica: a resposta debía atoparse mediante a observación atenta da natureza e o emprego da capacidade racional humana. Os primeiros pensadores decatáronse que para razonar eran precisas as palabras: por iso en grego a voz λόγος [*lógos*] pode significar, dependendo do contexto, “palabra”, “discurso”, “razón” ou “razoamento”.

A razón de que este xiro no pensamento humano se dese en Grecia de seguro debe ter varias causas, pero un factor decisivo foi a actividade comercial das cidades gregas, que levaban e traían mercadorías por todo o mar Mediterráneo (e mesmo alén del). O intercambio económico e cultural con outras civilizacións e outras formas de concibir a vida fixo que moitos gregos abrisen a mente e se decatasen do seu poder de comprensión.

B) A DIFERENZA CON OUTROS SABERES:

Á parte da filosofía existen, desde logo, outras formas de coñecemento:

-saber común: é o que adquirimos durante a nosa experiencia vital.

-saber técnico e artístico: é o que empregan tecnólogos, artistas e artesáns.

-saber relixioso: é o froito da vivencia da fe, de maneira persoal e tamén compartida con outras persoas, coa pretensión de establecer un vínculo co sagrado.

-saber científico: en Occidente non houbo distinción entre filosofía e ciencia ata o s. XVII, no que ten lugar a Revolución Científica, e as ciencias experimentais se desenvolven de maneira independente. Desde ese momento, o saber científico busca a organización sistemática do coñecemento, sen explicar a razón última de por que os feitos son de tal ou cal modo, cousa que si fai a filosofía. Hoxe, o saber científico baséase na experimentación e na aplicación da matemática ó estudo da realidade, coa intención de describir a natureza, dominala e predicir fenómenos.

Daquela, que tipo de saber é o filosófico?

A filosofía é unha reflexión racional, porque pretende explicar a realidade e chegar a coñecer as causas últimas de todo empregando argumentos baseados na nosa capacidade de raciocinio. Esa explicación é universal: o obxectivo é explicar toda a realidade, ó revés do que fan as ciencias particulares. Así, a filosofía está decontino facéndose preguntas que son importantes para a toda a humanidade, e que non poden ser respondidas polas ciencias experimentais, nin pola tecnoloxía, nin polas leis. E esas preguntas deben ser de tipo xeral e abstracto: “por que existe a vida?”, “hai vida tras a morte?”, “o ser humano é só corpo ou tamén alma?”, “o carácter hérdase ou adquírese?”, etc.

C) MÉTODOS DA FILOSOFÍA:

Para traballar, a filosofía sérvese dun método, ou mellor, de varios métodos, pois ocúpase de moitas cuestións e desde diferentes puntos de vista. Algúns dos métodos filosóficos máis importantes son os seguintes:

-maiéutico-dialéctico: foi desenvolvido polos gregos Sócrates e Platón entre os s. V e IV a.C., e consiste en axudar a que as persoas descubran a verdade por si mesmas, mediante un sistema guiado de preguntas e respostas.

-empírico: baséase na experiencia sensible (non nos experimentos de laboratorio), e foi iniciado polo inglés John Locke no s. XVII.

-**racional**: foi creado polo francés René Descartes no s. XVII, e mantén que só se pode descubrir a verdade por medio da razón, prescindindo da experiencia sensible.

-**trascendental**: é obra do alemán Immanuel Kant (s. XVIII), e consiste en reflexionar sobre o que fai posible que coñezamos a realidade.

-**fenomenolóxico**: entre os s. XIX e XX o alemán Edmund Husserl defendeu que só podemos chegar ó auténtico coñecemento intentando prescindir de todo aquilo que lle puidésemos engadir sen decatarnos, como os prexuízos e as suposicións.

2. PARA QUE SERVE A FILOSOFÍA?

Do visto ata aquí podemos deducir que a filosofía serve para achegarse ó mundo que nos rodea e tratar de comprendelo de xeito global. O interesante deste intento non son as respostas ás preguntas que nos fagamos, senón as propias preguntas: se houberse unha única e clara resposta a esas cuestións, xa as atoparían en tempos pasados os múltiples pensadores que tivo a humanidade.

O feito de pensar e reflexionar fainos libres. Isto é importante, sobre todo nunha época na que temos á nosa disposición un gran número de fontes de información, moitas das cales obedecen a intereses persoais e de grupo que non teñen por que coincidir cos nosos. Os filósofos gregos dicían que se unha persoa se limita a vivir dun día para outro, atendendo simplemente ás necesidades vitais básicas, non ten unha existencia digna: cómpre facerse preguntas sobre a vida en xeral e un mesmo en particular para converterse nun ser humano o máis completo posible.

En resumo, a filosofía pode ser unha guía válida para buscar a (nosa) verdade, intentar comprender a realidade que nos rodea (nivel teórico) e adquirir unhas pautas de comportamento que nos satisfagan a nós mesmos e sexan útiles para a sociedade (nivel práctico).

A) NIVEL TEÓRICO: VERDADE E REALIDADE

A filosofía busca a **verdade**, pero, como saber cando estamos ante a verdade? Para sabelo hai que ter un criterio, mais non existe un único criterio, senón moitos:

-a autoridade: tomamos por certo o que nos di alguén a quen concedemos creto polo seu coñecemento nalgunha materia.

-a tradición: tómase como verdadeiro algo que ó longo do tempo foi sendo aceptado como verdadeiro.

-a correspondencia entre pensamento e realidade: o que pensamos e expresamos con palabras será verdadeiro se coincide co que nos diga a experiencia.

-a coherencia lóxica: un sistema de afirmacións será verdadeiro se non existe contradición entre os enunciados que forman o propio sistema.

-a utilidade: unha afirmación será certa cando sexa beneficiosa e útil para nós.

-a evidencia: o que se nos presenta como indiscutible, tanto no nivel do razonamento como no da experiencia dos sentidos, ten que ser necesariamente verdadeiro.

A partir destes criterios, e con outras ferramentas, os filósofos teñen intentado ó longo da historia achegarse o máis posible a verdade.

En canto á definición de **realidade**, tampouco é doade de definir, pois as aparencias poden enganar. De feito, hai varios tipos de realidade:

-a realidade continxente: trátase de algo que existe actualmente, pero que non sempre existiu e/ou pode deixar de existir.

-a realidade necesaria: é algo que existe e non pode non existir nin ser doutra maneira.

-a realidade sensible ou física: é o que percibimos a través dos sentidos; cantos máis sentidos apunten na mesma dirección, máis probable é que consideremos real o que nos chega a través deles.

-a realidade psíquica: os nosos pensamentos, imaxinacións, desexos, ideas, lembranzas, dúbidas, etc.

-a realidade virtual: a creada por certos aparellos tecnolóxicos, ou a que fan xurdir en nós as novelas ou as películas cinematográficas, por exemplo.

Como se pode comprobar, a realidade é algo máis complexo do que podería pensarse a primeira vista. Por iso, ó longo da historia do pensamento foron aparecendo diferentes sistemas filosóficos con distintas respostas á pregunta sobre o que é a realidade que nos rodea:

-o **idealismo**: dá máis importancia ás ideas e conceptos abstractos que ós obxectos e elementos concretos.

-o **escepticismo**: os escépticos dubidan de todo, e non teñen seguridade sobre a certeza de ningún dos nosos pensamentos.

-o **empirismo**: só podemos comprender a realidade a través do que os nosos sentidos nos achegan.

-o **racionalismo**: non confía nas percepcións sensoriais, senón na nosa capacidade de raciocinio.

-o **pragmatismo**: sostén que a filosofía se ten detido en asuntos pouco prácticos, e que só debemos atender a aquilo que ten unhas consecuencias prácticas para nós.

-o **existencialismo**: céntrase nos aspectos humanos da realidade, como o paso do tempo, a inevitabilidade da morte, a amizade, etc.

-o **materialismo**: non existe a dimensión espiritual, senón unicamente a materia, nas súas múltiples manifestacións.

B) NIVEL PRÁCTICO: ÉTICA E POLÍTICA

Cando facemos algo de xeito consciente e voluntario, levamos a cabo unha acción, pois perseguimos con ela acadar un fin. E toda acción ten consecuencias, algunhas delas previsibles e outras imprevisibles; como tales, algunhas serán desexadas e outras non, e moitas delas afectarán, dunha maneira ou outra, ós nosos semellantes.

A filosofía, na súa dimensión práctica, pode ofrecer orientacións para as accións humanas. Existe así, por exemplo, unha filosofía da economía, unha filosofía do dereito e unha filosofía da relixión. Pero as achegas prácticas da filosofía teñen adquirido un maior desenvolvemento nas disciplinas da ética (ou filosofía moral) e a filosofía política.

A **ética** é a reflexión filosófica sobre a moral. Aínda que na vida cotiá se empregan case como sinónimos, ética e moral non son exactamente o mesmo, A moral ten que ver coa liberdade de elixir á hora de actuar e coa capacidade de recoñecer que hai modos de ser e vivir máis propios dos seres humanos que doutros. A ética reflexiona sobre iso para intentar atopar unha guía práctica de comportamento, cara a un mesmo e cara ós demais. En principio, considérase que unha persoa ten unha moral loable cando actúa de acordo con principios universais de xustiza e intenta con prudencia cada día aprender a ser feliz.

A **filosofía política** intenta comprender a realidade social e política, captando a racionalidade que hai tras dela. Entre outras cousas, dedícase a pensar a noción de Estado, descubrir criterios de xustiza para o reparto dos bens sociais (sanidade e educación, p. ex.), ou deseñar modelos de sociedade xustos (atendendo ó pluralismo e o multiculturalismo).

C) FUNCIONS DA FILOSOFÍA

Cómpre aceptar que a filosofía non proporciona un beneficio material, pero pode considerarse necesaria no sentido de que contribúe ó desenvolvemento do ser humano como ente racional e consciente de si mesmo, de xeito que poida comprender o mundo e tomar decisións libres e, se o desexa, comprometidas.

Algunhas das funcións que hoxe se lle recoñecen á filosofía son as seguintes:

- visión global dos avances científicos: a filosofía recolle as achegas das ciencias e intenta deducir as consecuencias que ten para a nosa cultura.

- problemas últimos da humanidade: a filosofía reflexiona sobre a orixe do universo, a existencia ou non da divindade, a posibilidade da vida tras a morte, etc.

- crítica das ideoloxías: a filosofía analiza todas as posturas ideolóxicas, sen aceptar ningunha, por principio, como definitiva.

-crítica da historia: a filosofía trata de ver a historia humana analizando os porqués e as consecuencias dos acontecementos históricos.

-análise de problemas prácticos: o racismo, a defensa dos dereitos humanos, a igualdade entre home e muller, o respecto pola natureza e os animais... Todas elas son cuestións nas que os filósofos, pola propia natureza dos seus coñecementos e xeito de traballar, poden ter algo que dicir.

ANEXO: GRECIA, O BERCE DA FILOSOFÍA

Para este apartado, debes servirse da presentación *Grecia, o berce da Filosofía*, dispoñible na Aula Virtual. Tamén pode ser útil observar e analizar a pintura coñecida como *A escola de Atenas*, de Rafael Sanzio (1483-1520).

